

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

- 1) De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais, dun total de 3** que debe ter o Consello Escolar. O outro representante de pais/nais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
- 2) Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14.00 horas do día **8 de novembro**.
- 3) Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro, na páxina web e na mensaxe Abalar de comunicación desta convocatoria. As **candidaturas** poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día **12 de novembro**.
- 4) O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **13 de novembro**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

- 5) A campaña electoral comprenderá dende o 14 ao 19 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6) **As votacións realizaranse neste IES o día 21 de novembro, de 16.00 a 20.00 horas. A mesa electoral constituirase o mesmo día, en acto público, ás 15.30 horas.**
- 7) Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un **máximo dun nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 8) Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
- 9) Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 10) A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Moaña, 29 de outubro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Francisco José Martínez Rodríguez